CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: **www.boqueixon.com**

# RESOLUCION DE ALCALDÍA

No DOG, núm. 84 do martes 3 de maio de 2016 publicouse a Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O *obxecto e a finalidade* desta Orde é regular a concesión, polo procedemento de concorrencia, e facer pública para o ano 2016 a convocatoria de subvencións para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación públicas destinadas a concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Proxectos subvencionables.* Traballos de asistencia técnica para a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental en materia de adaptación ó cambio climático, entendendo por tales, aquelas que contribúan a mellorar o comportamento das entidades locais fronte ó cambio climático, con base no estado ambiental actual (enerxía, residuos, sectores produtivos, ecosistemas singulares, cidadanía), e que axuden á definición das mellores opcións de adaptación ó cambio climático. As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade ou parte da realización da actividade subvencionada nos termos do artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

*Conceptos subvencionables.* A porcentaxe máxima de cofinanciamento por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio será do 70 % do custo total da actuación proposta, cun importe máximo de 4.500 € por entidade solicitante.

O *prazo de presentación das solicitudes* será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Por todo isto, RESOLVO:

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2. Aprobar a participación nesta concovatoria tal e como establece o artigo 6. 2 da citada Orde
3. Aprobar a memoria explicativa nos termos establecidos no artigo. 7 da citada Orde, cuxo presuposto ascende a 6.428,57 euros con IVA.
4. Solicitar á *Consellería de Medio ambiente e ordenación do territorio* unha subvención por importe de 4.500 €, e aprobar a aportación económica do concello de Boqueixón por importe de 1.928,57 €.
5. Designar como representante legal e persoa que asina a solicitude ó alcalde do Concello de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato.
6. Aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.

7. Non ter solicitado ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
8. Que esta entidade ten capacidade administrativa, financieira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se conceda a axuda, tal e como establece o artigo 6. 2.e).
9. Comunicar este acordo á *Consellería de Medio ambiente e ordenación do territorio.*

Boqueixón a 1 de xuño de 2016.

Ovidio Rodeiro tato

O alcalde de Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Con data 1 de xuño de 2016, rexistro de entrada número 16/1081, don José Luís , en calidade de representante da Comisión de Festexos de Sucira, solicita licenza para verbenas e bailes ao aire libre durante as festas populares de Sucira durante ós días 18, 19 e 20 de xullo 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1° Conceder ao representante da Comisión de Festexos de Sucira licenza para a realización de verbenas e bailes en Sergude coas seguintes:

**<u>Día 18 de xullo de 2016</u>**

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú amenizado por Dúo Punto Cero e baile pola noite a cargo do Trío Alborada e Dúo Punto Cero.
Características do escenario do Trío Alborada: Camión de 10 mts. de longo
A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 500 persoas
O horario será de 13:00 a 15:00 e de 22:30 a 03:30 horas.

**<u>Día 19 de xullo de 2016</u>**

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú amenizado por Trio Unión y Fuerza e baile pola noite a cargo do Trio Unión y Fuerza
Características do escenario do Trio Unión y Fuerza : Camión de 11 mts. de longo, 4,20 de ancho e 4 mts de altura

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 500 persoas
O horario será de 13:00 a 15:00 e de 22:30 a 03:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 2 de xuño de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.dicoruna.es**

# DECRETO

No BOP nº 89 do 11 de maio de 2016, saíron publicadas as bases reguladoras das convocatorias da Deputación da Coruña para subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menso de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016.

Tendo en conta que se establecen as bases reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención en materia gastos de persoal de oficinas de turismo (cuxa referencia é DP0029/2016) por un importe total de 11.254,72 €.
3.- Aprobar a memoria explicativa da actividade que se vai realizar, na cal se indican as actividades detalladas, persoas beneficiarias, orzamentos desglosados e calendarios fixados.
4.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do proxecto.
5.- Declarar estar ó corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación.
6.- Autorizar á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente das obrigas tributarias.
7.- Consentir que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña.
8.- Autorizar á Deputación a que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición ás mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.
9.- Acreditar ter aprobada e remitida correctamente a Conta Xeral 2014.
10.- Designar o seguinte correo electrónico: boqueixonturismo@gmail.com para as comunicación de trámite e completar documentación.
11.- Comprometerse a facer constar, en todo tipo de material que se realice ou información que se facilite no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración da Deputación da Coruña.
12.- Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.
13.- Nomear a don Ovidio Rodeiro Tato como representante para as relación con esta entidade local coa Deputación da Coruña.
14.- Comunicar esta resolución á Deputación da Coruña.

Boqueixón, 2 de xuño de 2016
O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es

**Resolución de alcaldía**

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016 (DOG. núm 248, martes 30 de decembro de 2015).

O concello presentou unha solicitude para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga con data do 15 de febreiro de 2016, por vía telemática.

Con número de rexistro de entrada do Concello 16/997 e con data do 26 de maio de 2016, a Consellería de Economía, Emprego e Industria comunica a resolución pola que se conceden 2 contratacións para a contratación temporal de persoas perceptoras de Risga.

Con data do 3 de xuño de 2016 a alcaldía presentou a solicitude de oferta especial con informe da traballadora social do Concello de Boqueixón, en virtude do establecido na Orde de convocatoria.

Con data do 7 de xuño e rexistro de entrada no concello con número 16/1129 a Consellería de Economía, Emprego e Industria achegou a autorización para a realización da oferta especial a favor dos seguintes beneficiarios: Leticia
e Manuel

Por todo isto, RESOLVO:

Presentar na oficina Pública de Emprego de Santiago Norte a oferta especial, tal e como establece o artigo 10 da Orde de convocatoria.

Boqueixón, 7 de xuño de 2016

Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde de Boqueixón

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

## Concesión dunha axuda económica á Asociación Cultural da Filloa

O día 2 de xuño de 2016, don José Manuel , como presidente da Asociación Cultural da Filloa, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos ocasionados pola organización da festa da filloa de Lestedo e o I desfile de xenerais da Ulla , Festa Declarada de Interese Turístico de Galicia.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Tendo en conta a baixa contía económica que se vai conceder, para a súa adxudicación directa, Resolvo:

1 Conceder á Asociación Cultural da Filloa unha axuda económica de 600 euros para sufragar os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 8 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

[illegible] Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Concesión dunha axuda económica ó CD Veteranos Lestedo Fútbol Sala**

O día 1 de xuño, don Carlos , como secretario do CD Veteranos Lestedo Fútbol Sala, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos da tempada 2015-2016, xa que representan ó concello na liga da agrupación de veteranos de Santiago, actual campión, no torneo de copa de veteranos de Santiago e no torneo Coda España.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder ó equipo CD Veteranos Lestedo Fútbol Sala unha axuda económica de 300 euros para sufragar os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 8 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**Contratación do servizo de monitores para realización de actividades de verán**

Desde o Departamento de Cultura tódolos anos se organizan unha serie de actividades que se desenvolven baixo o nome dos seguintes programas: Campus deportivo, Concilia Xuño e Verán Activo. Para levar a cabo ditos programas é preciso contar con varios monitores debido a que o persoal co que conta o concello non é suficiente para poder atender e coordinar as actividades, e ademais nestas épocas os traballadores poden solicitar as súas vacacións anuais, circunstancia que tamén se ten en conta nesta contratación.

Polo tanto, é preciso solicitar ofertas ás empresas capacitadas coa finalidade de poder realizar a contratación dos monitores que se precisan segundo as circunstancias e características das actividades a impartir. As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais e terase en conta o número de asistentes para a contratación do persoal necesario.

A programación sería a seguinte:

<u>Campus deportivo</u>
Desenvolveranse actividades deportivas
Días 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño
Horario: de 10 a 20 h
<u>Concilia Xuño</u>
Desenvolveranse actividades lúdicas e de tempo libre
Dias 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño
Horario: de 10 a 15 h
<u>Verán Activo</u>
Desenvolveranse actividades lúdicas e de tempo libre, como por exemplo, xincanas, xogos, teatro, actividades acuáticas e deportivas, así como obradoiros creativos de pintura, maquillaxe, conta contos con papiroflexia, etc.
2 quincenas de agosto ( de luns a venres)
2 quincenas de xullo ( de luns a venres)
Horario: de 10 a 14 h

Patinaxe
Mes de xullo ( martes e xoves)
De 10 a 11 h

Urxe a contratación, porque as actividades terían que comezar o vindeiro día 23. O custo estimado do contrato, tendo en conta o gasto dos pasados anos, sería de aproximadamente 4.000,00 euros. Debido á duración do contrato ( 2 meses e medio) e ó seu importe, estaríamos ante un contrato menor. O custo do mesmo sería aboado cos ingresos dos participantes e coa subvención da Deputación da Coruña para actividades culturais.

Polo tanto, e para dar cumprimento ás bases de execución do presuposto, solicítanse ofertas a 3 empresas capacitadas, polo que

Resolvo:

1 Solicitar presupostos ás seguintes empresas para contratar os monitores necesarios para a realización dos diversos programas que se desenvolven no Departamento de Cultura desde o día 23 de xuño ata finais do mes de agosto. Tamén se publicará no perfil do contratista da páxina web municipal

CPM Eventos
Sta. Cruz de Rivadulla
Vedra

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Lugar de Vilar, nº 5 – 15882 Touro

Rocío Couto Rendo
Francés, 10
S. Pedro de Vilanova
15885 Vedra

2 As empresas deberán presentar as súas ofertas especificando o custo de cada monitor, por quincena, por hora ou por actividade segundo a programación . Concederanse 5 días hábiles para a súa presentación.

Boqueixón, 9 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 01
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.dicoruna.es**

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

## Resolución de alcaldía

Con data do 26 de maio de 2016 foi notificado ó Concello de Boqueixón a Resolución mediante a que se concede polo importe de 16.389,1 euros, núm. de expediente TR351F 2016/39-1, para a contratación de 2 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, para a realización do servizo denominado "servizo de mantemento de espazos públicos" ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016 (DOG. núm 248, martes 30 de decembro de 2015).

Con data do 3 de xuño de 2016 solicituose autorización de oferta especial con vinculación nominal acompañado polos informes da traballadora social para a contratación de dous traballadores desempregados que reúnen a condición de persoas perceptoras da Risga Leticia e Manuel á Xefatura Territorial da Coruña. Con data do 7 de xuño recibiuse da Xefatura Territorial da Coruña autorización expresa para a realización de citada oferta especial con vinculación nominal.

Con data do 8 de xuño de 2016 presentouse na Oficina de Emprego de Santiago Norte, o impreso de solicitude asinado polo alcalde acompañado da autorización da Xefatura Territorial da Coruña e a Resolución.

Con data do 9 de xuño de 2016 a Oficina de Emprego de Santiago Norte remitíu por correo electrónico o formulario da selección co núm. 12-2016-5061 cos candidatos Leticia e Manuel

Por todo isto, **RESOLVO:**

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores Leticia con DNI. e Manuel con DNI. co grupo de cotización 10, na ocupación de operario, cunha xornada do 75 %, e modalidade contractual temporal con cláusula específica de traballos de interese social, sendo o importe da subvención concedida para cubrir os custos de seguridade social e salario tal e como segue:

| Num Trab. | Ocupación | Grupo Cotización | Modalidade contractual | Duración contrato (meses) | Xornada (%) | CNAE 2009 | Custos subv. Seg. Social (A) | Custos Salariais Subvencionados (B) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Operario de servizos múltiples | 10 | Temporal de traballos de interese social | 7 | 75 | G | 4.221,98 € | 12.167,12€ |
| **Totais A+B= 16.389,1 euros** | | | | | | | **4.221,98€** | **12.167,12€** |

2.- A contratación terá unha duración de 7 meses, iniciando o período de contratación o día 16 de xuño de 2016.

Boqueixón, 10 de xuño de 2016

Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde de Boqueixón

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
**www.boqueixon.es**

**CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE BAREMACIÓN E DATA DO PROCESO DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA O CURSO 2016/2017 DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAÍÑA LUPA DE BOQUEIXÓN.**

Unha vez rematado o prazo de formalización da matrícula dentro de prazo para o curso 2016/2017 da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, e no uso das facultades que teño atribuídas,

**RESOLVO:**

1º Aprobar a lista definitiva de solicitudes de novo ingreso para a obtención da praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, (documentación completa).

- Boo García, Alba
- Carril Miranda, Thiago
- Castro Carrillo, Markel
- Cereijo Iglesias, Vera
- Dosantos Casal, Diego
- Fuentes Otero, Laura
- García García, Mateo
- Iglesias Balado, Noa
- Iglesias Souza, Marinna
- Liñares Rosende, Dario
- Lortes Campos, Mateo
- Macias Mareque, Oscar David
- Manteiga Calvelo, Sara
- Mujico García, Pablo
- Peiteado Cigüenza, Sara
- Pérez Fandiño, Sergio
- Rodríguez Torres, Xoel
- Salvado Castro, Oscar
- Uzal Millán, Ezequiel
- Vaamonde Pérez, Thiago
- Vázquez Fontela, Iván

2º Excluír a solicitude presentada por don José Antonio Carrillo Pulleiro, posto que non presentou o libro de familia no cal conste inscrito o neno/a obxecto da solicitude.

3º Aprobar a lista de renovacións de praza na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa:

- Camba Mella, Gael
- Fachal Fuentes, Pedro
- Fernández Louzao, Lara
- Fernández Rodríguez, Nicolás
- Iglesias Aimée, José Manuel
- Iglesias Pardo Iraila
- Leal Porral, Gabriela
- López Grijo, César
- Lortes Cutrín, Rosalía
- Martínez Rodríguez, Gabriel
- Molina Valle, André
- Molina Valle, Xabier
- Otero Mata, Alba
- Ponte Regos, Valeria
- Rendo Rosende, Raúl
- Saavedra Canabal, Alexandre
- Senra Mahía, Martín
- Seoane Rodríguez, Yaiza
- Sinde Conde, Vega
- Torres Munín, Iker
- Vázquez Gómez, Valentina

4º Proceder á designación da Comisión de Baremación encargada de valorar as solicitudes para a Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, que queda integrada polos seguintes membros:

Presidente:
Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do concello de Boqueixón
Vogal:
Rocío Vázquez Vecino, directora da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón
Ana María Seijo Mosquera, concelleira de servizos sociais do concello
Secretaria:
Ana Anta Fernández, traballadora social do concello de Boqueixón

3º Fixación da data e lugar para a baremación das solicitudes, que terá lugar o día 17 de xuño 2016 ás 10.00 horas no Salón de Plenos do Concello, situado no lugar de O Forte, s/n (Boqueixón).

Boqueixón, a 14 de xuño de 2016

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

O alcalde
Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

TC

# DECRETO

A piscina municipal ten a necesidade de contratar a 2 socorristas para a tempada de verán, a xornada completa:

► Un socorrista estará contratado a través dunha subvención concedida a través da convocatoria (FO023B/2016) do programa de socorrismo dirixida a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2016 pola Deputación da Coruña, cuxo código de expediente é 2016000006259.
► E outro socorrista a través de subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidade locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Núm. expediente 2016/122-1.

É necesario persoal para facer as funcións de socorrista na piscina municipal de Boqueixón, xa que durante o mes de agosto deste ano o monitor deportivo municipal ten solicitado e concedidas as vacacións correspondentes a este ano 2016, e dado que a piscina municipal, na época na que nos atopamos, está a pleno rendemento precísase de persoal suficiente.

O decreto 103/2005 de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, no artigo 29 apartado 1/ establece que todas as piscinas, deberán ter polo menos un socorrista, con titulación suficiente o cal permanecerá nas instalacións durante todo o tempo que estas se atopen abertas ao público.

O artigo 20. 2 da Lei de presupostos xerais do estado para 2016 establece "durante o ano 2016 non se procederá á contratación de personal temporal, nin ó nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán ós sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais." No apartado 4 do mesmo artigo, establece que a contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no apartado 2 deste artigo requirirá a previa autorización do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

O Real Decreto Lexislativo 1/1995 polo que se aproba o estatuto dos traballadores no artigo 37 apartado 1/ establece que os traballadores teñen dereito a un descanso mínimo semanal, que como regra xeral comprenderá a tarde do sábado (ou no seu caso a mañá do luns) e o día completo do domingo.
Por outro lado, débese ter en conta que a Deputación aporta o importe de 4.000 euros para a contratación dun socorrista durante o período que abranda o 24 de xuño ata o 31 de agosto de 2016, que inclúe os gastos salariais, seguridade social da empresa, e indemnización por fin de contrato; e a Xunta de Galicia aporta 2.666,66 euros para a contratación dun socorrista durante o período de 2 meses (aproximadamente entre o 1 de xullo e 31 de agosto), que inclúe os gastos salariais, seguridade social da empresa.

Coa prioridade de que ambos traballadores sexan remunerados polo mesmo importe ó tempo traballado, posto que teñen a mesma categoría profesional, o concello aportará o importe de 928,10 euros para a o confinanciamento de parte dos costes do socorrista financiado pola Xunta de Galicia durante os mesmos días.

Consecuentemente, é imprescindible, realizar a convocatoria de 2 prazas, como segue:

1º Aprobar o importe de 928,10 euros con cargo ó capítulo 1 do presuposto municipal, para o aboamento do posto de socorrista subvencionado pola Xunta de Galicia.

2º Contratar con cargo á subvención concedida por Deputación da Coruña, un socorrista para que permaneza nas instalacións da piscina municipal de Boqueixón durante os meses de verán a partir do 24 de xuño ata o 31 de agosto de 2016, o cal xustifica a necesidade da contratación pois a piscina é, precisamente nesta época de verán cando debe permanecer aberta ao público todos os días.

3º Contratar con cargo á subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidade locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, un socorrista para que permaneza nas instalacións da piscina durante 2 meses sendo o prazo para iniciar o contrato o 1 de xullo de 2016, establecéndose o 5 de xullo de 2016, o prazo máximo establecido pola Xunta de Galicia, para seu inicio.

Considerando que a cobertura destas dúas prazas son unha necesidade urxente e inaprazable,

**Resolvo:**

1º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra **2 PRAZAS DE SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA (40 horas semanais-de luns a domingo, cos descansos establecidos na lei).**

**Primeira.- Obxecto da convocatoria**
Contratar a 2 traballadores como socorristas acuáticos para a atención da piscina municipal de Boqueixón mediante un contrato en réxime laboral temporal.

A retribución (salario bruto máis seguridade social da empresa e indemnización por fin de contrato) do socorrista, con cargo á subvención concedida por deputación da coruña, é de 4-000 euros, para o período de contratación.
A retribución (salario bruto máis seguridade social da empresa e indemnización por fin de contrato) do socorrista con cargo á subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidade locais da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e xunto coa aportación do concello de Boqueixón, é de 3.594,76 euros.

**Segunda.- Duración dos contratos e modalidade contractual**
- A DURACIÓN PREVISTA DO CONTRATO CON CARGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR DEPUTACIÓN DA CORUÑA, esixe que o contrato se inicie a partir do 24 de xuño e finalice o 31 de agosto de 2016, non prorrogable. Modalidade contractual de obra ou servizo determinado. Se o contrato por calquera causa xustificada

tivese que iniciarse con data posterior ó 24 de xuño de 2016, a finalización do contrato terá lugar o 31 de agosto de 2016.

A DURACIÓN DO CONTRATO QUE SE REALIZA CON CARGO Á CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INSDUSTRIA será de 2 meses debéndose ter iniciado o 1 de xullo de 2016 en todo caso a data máxima para a contratación será o 5 de xullo de 2016. O contrato non é prorrogable. Modalidade contractual de Interese Social. Se o contrato non se pode iniciar o 1 de xullo de 2016 por calquera causa xustificada, e se inicia entre o 2 e o 5 de xullo de 2016, o contrato rematará transcurrido os dous meses, tal e como establece a resolución da concesión da Xunta de Galicia.

**Terceira.- Condicións dos/as aspirantes para participar no proceso selectivo**

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:
1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.
2 Ter cumplidos os 18 anos.
3 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de inscribirse no proceso de selección. Xúntase anexo II.
4 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentencia xudicial firme ou resolución administrativa.
5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Ley 53/1994 de 26 de decembro, de incompatiblidades do persoal o servizo das administracións públicas.
*6 Estar en posesión do CARNÉ DA XUNTA DE GALICIA que habilita como socorrista en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais (os/as aspirantes deberán acreditar con fotocopia compulsada este punto no momento de facer a solicitude de admisión no proceso selectivo). DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.*
7 Estar inscrito como desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón.

**Cuarta.-** <u>REQUISTOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS</u>

Os/as aspirantes esterán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requerindo candidatos/as na ocupación de **<u>Bañista - Socorrista.</u>**

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberén presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas, e os/as

**candidatos/as deberán presentar na data que a Oficina de Emprego de Santiago Norte lle indique a documentación acreditativa esixidas no apartado de baremación de méritos, establecida na base sexta.**

Para a realización da proba escrita os/as candidatos/as terán que preparar o temario exposto no anexo I, para o cal se indica a bibliografía.

**Quinta.-** Comisión seleccionadora.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requerirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles sustitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituido ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

**Sexta.- Proceso de selección**

Os/as aspirantes/as farán o proceso selectivo para cada unha das prazas convocadas. A calificación para o proceso se obterase do resultado final da suma das puntuacións obtidas na proba teórica e na baremación dos méritos. O/a candidato/a que obteña a maior puntuación e que participa no proceso selectivo de socorrista subvencionado pola Deputacion da Coruña optará á contratación da praza, e o/a candidato/a que obteña a maior puntuación para a contratación de socorrista subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria optará á contratación da praza. Quedando o resto dos/as aspirantes como suplentes primando a orde de puntuación acadada en cada proceso selectivo de maior a menor.

No caso de empate a orde se establecerá atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:
a) Maior puntuación obtida na proba teórica.
b) Maior puntuación obtida nos apartados do baremo de méritos pola orde en que estes aparezan na convocatoria.

A Comisión valorará a documentación presentada polos/as aspirantes de acordo cos requisitos establecidos:

***1- PROBA ESCRITA: Máximo 12 puntos.***
Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e é eliminatorio.** A puntuación máxima será de 12 puntos e a mínima para superar a proba é de 6 puntos

**2- *BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 8 puntos:***
**Para acceder a esta fase os/as candidatas deberán ter superado a proba escrita. E deberán acreditar na data que a Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte convoque ós/as citados/as aspirantes, os méritos esixidos neste apartado.** A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.
Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:
1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 5 puntos:
- Traballos prestados como socorrista acuático na administración pública: Por cada mes completo traballado 0,50 puntos.
- Traballos prestados como socorrista acuático en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,25 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certifición expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contratos de traballo).

Aqueles traballadores que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo III para que o concello lle expida a correspondente certificación.

2) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:
- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto.
Celga 4 ou Curso de perfeccionamento á lingua galega ou validación: 1 punto.
Celga 3 ou Curso de iniciación á lingua galega ou validación: 0,75 puntos.
Celga 2: 0,50 puntos.
Celga 1: 0,25 puntos.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

**Sétima.-** Rematada a selección, o Tribunal publicará no taboleiro os nomes dos/as participantes titulares dos postos seleccionados/as coa súa puntuación correspondente, e nomes do candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as circuntancias que deron lugar a esta convocatoria.

**Oitava.- Proposta de contratación**
Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

**Novena.- Incidencias.**
A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

**Décima.-** A presente Resolución presentarase xunto coa oferta pública presentada na Oficina de Emprego Público de Santiago Norte, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón., e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

**Anexo I. Temario**

Primeiros auxilios:
- Anatomía e fisioloxía do corpo humano.
- Avaliación do paciente.
- Control da vía aérea e da ventilación.
- Reanimación, cardiopulmonar e DESA (adulto e pediátrico).
- Hemorraxias, lesións en texidos brandos e tratamento do shock.
- Traumatismos térmicos (quemaduras).
- Traumatismos musculoesqueléticos.
- Levantamento e desprazamento dos pacientes.
- Urxencias médicas (dolor torácico, ICTUS, hipoglucema, convulsións,...)
- Avaliación do paciente.
- Manexo da vía aérea.
- Manexo de hemorragias e feridas.
- Manexo de fracturas.
- Movilización e e inmovilización.
- Urxencias médicas.
- Simulación de casos prácticos en diversas situación e ubicacións onde se desenvolve o traballo dos alumnos.
- Salvamento acuático:
- Socorrismo acuático: conceptos, obxectivos
- Secuencia de actuación nun rescate acuático
- Utilización de diverso material en rescates acuáticos, tubo de rescate e táboa de rescate
- Rescates acuáticos son material...
- Lexislación en salvamento e socorrismo

Bibliografía:


- Abraldes, JA. y Nava, S. (2013): Desfibrilador externo semiautomático. Formación y actualización. A Coruña. FESSGA.
- Abraldes, JA. (2006): Salvamento e socorrismo. Secuencias de rescate en el medio acuático. A Coruña- FESSGA.
- Rodriguez, N., Martinez, P., Gallego, L. y Lucas, JJ (2008): Guía rápida de primeros auxilios en deporte. A Coruña. FESSGA.
- DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.


En Boqueixón, 15 de xuño de 2016

Ovidio Rodeiro Tato

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

## Anexo II
## DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

**Nome e apelidos:**......................................................................................
**DNI:**.................................. **Data nacemento:**................................
**Domicilio:**...............................................................................................
**Localidade:**........................................ **Provincia:**..........................
**Código postal:** ......................... **Núm. Teléfono:**............................
**E-mail:**....................................................................................................

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de máximo esforzó, fora e dentro da auga, que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón, ........de ......................... de 2016

O/A interesado/a:.........................................................

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

## Anexo III

**Solictude de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de socorristas (2016)**

**Nome e apelidos:**.......................................................................................
**DNI:**...................................... **Data nacemento:**.......................................
**Domicilio:**.................................................................................................
**Localidade:**............................................... **Provincia:**.............................
**Código postal:** ........................... **Núm. Teléfono:**.......................................
**E-mail:**......................................................................................................

**DECLARA** ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA,** para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral expedido polo concello de Boqueixón.

Boqueixón, .........de...........................de 2016

O/A interesado/a:......................................................

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

# RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 10 de xuño, no que se resolvía a contratación de 2 traballadores como operarios do servizo de mantemento de espazos múltiples, segundo subvención concedida pola Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria

## RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación dos traballador@s dona Leticia Pardo Iglesias e don Manuel Fernández Buján, para a prestación de servizos como operarios de servizos múltiples de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 16/06/2016
- Categoría profesional : Peón
- Coste salarial bruto: 869,08 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 301,57 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / G
- Modalidade de contrato : 501 Obra/Servizo determinado a tempo parcial (75%).
- Duración do contrato : Dende o 16/06/2016 ata o 15/01/2017.
- Subvención concedida pola Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria: 16.389,10 euros.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 16 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

# RESOLUCIÓN

**Subvención para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética**

No DOG núm. 93 do día 18 de maio de 2016, saiu publicada a resolución do 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos de aforro e eficiencia enerxética que se executen en edificios da Administración local e nas instalacións de iluminación pública exterior existentes dependentes desa Administración.

Cada solicitude recollerá un único proxecto técnico que pode constar dunha soa actuación ou de varias actuacións homoxéneas executadas nun mesmo sitio e que se valorarán de xeito conxunto. Así, considéranse actuacións homoxéneas que se deben recoller nunha única solicitude as seguintes:

a) Todas as actuacións para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas que se realicen nunha mesma localización.
b) Todas as actuacións para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación interior que se realicen nunha mesma localización.
c) Todas as actuacións para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes que afecten o mesmo cadro de mando, protección e medida.

A contía máxima da axuda acadará o 75 % do custo elixible, cun máximo total de 50.000 € por liña de actuación.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, rematando o 18 de xuño.

Tendo en conta que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno, e que a vindeira Xunta de Goberno e o 7 de xullo e o prazo remata o 18 de xuño,

Por todo isto, RESOLVO:

1. Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2. Aprobar os seguintes proxectos e importes según taboa:

| PROXECTO | BASE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN FRENZA E FONTEBRANCA | 8.852,26 € | 1.858,98 € | 10.711,24 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN MILLEIRÓS - ESTRADA VELLA | 6.317,76 € | 1.326,73 € | 7.644,49 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN MILLEIRÓS - CANABAL | 6.740,17 € | 1.415,44 € | 8.155,61 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN O FORTE - PIÑEIRO | 8.007,42 € | 1.681,56 € | 9.688,98 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN PAZOS 2 - CUARTEL - LESTEDO | 6.528,97 € | 1.371,08 € | 7.900,05 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN PUMARES 2 - SERGUDE | 6.317,76 € | 1.326,73 € | 7.644,49 € |
| RENOVACIÓN DE ALUMEADO EXT. CONCELLO DE BOQUEIXÓN EN VILA - LEDESMA | 10.330,73 € | 2.169,45 € | 12.500,18 € |
| TOTAL | 53.095,07 € | 11.149,97 € | 64.245,04 € |

3. Aprobar a solicitude ao Instituto Enerxético de Galicia dunha subvención para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes que afecten o mesmo cadro de mando, protección e medida por un importe de 64.245,04 €
4. Designar como representante legal e persoa que asina a solicitude ao alcalde do Concello de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato.
5. Aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.
6. Non ter solicitado ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.
7. Comunicar este acordo ao Instituto Enerxético de Galicia.

En Boqueixón a 17 de xuño de 2016.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# Resolución permisos de fogueiras para o S. Xoan

Con ocasión da festa do S. Xoán, os veciños deste concello desexan realizar as típicas fogueiras, coa correspondente sardiñada, para o que solicitan a este concello permiso para facer lume.
A continuación reflíctense os datos da asociación que vai facer o fogueira:

| Data | Solicitante | Lugar |
|---|---|---|
| 18/06/2016 | Asoc. Cultural de Festas " A Braña" | Campo da Festa, de Lamas |
| | | |

Resolvo

1. Autorizar previamente a realización destas fogueiras os días sinalados, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007)
2. Que por parte dos solicitantes se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
3. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
4. Esta autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra neglixencia ou imprudencia.

Boqueixón, 17 de xuño de 2016
O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
WEB: **www.boqueixon.com**

Resolución de alcaldía

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitíu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 16 de xuño de 2016 para a contratacion de 2 socorristas, cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía con data do 16 de xuño de 2016.
Para a contratación de socorrista subvencionado pola Deputación da Coruña a oficina de Emprego remite 10 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-5546:
ANTELO BARREIRO XESÚS XAVIER
CUENCA GARCIA PABLO
FERNÁNDEZ FRAGA DAVID
GONZALEZ OJEDA CARLOS MANUEL
LÓPEZ VILASO CONSTANTINO
LÓPEZ PEREIRA DIEGO
MACEIRA ATANES ANDREA
MIGUEZ VAAMONDE FERNANDO
PÉREZ BUDIÑO JORGE
RODRÍGUEZ SOMOZO RONALD
Para a contratación de socorrista cofinanciado pola Xunta de Galicia a oficina de Emprego remite 10 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-5543:
ANTELO BARREIRO XESÚS XAVIER
FERNÁNDEZ FRAGA DAVID
LÓPEZ VILASO CONSTANTINO
LÓPEZ PEREIRA DIEGO
MIGUEZ VAAMONDE FERNANDO
OUTEIRAL RIVADULLA IVAN
PÉREZ BUDIÑO JORGE
QUINTAS KULL DARIO
REAL GONZALEZ ALBA
RODRÍGUEZ SOMOZO RONALD

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos currículum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1Establecer as datas das probas de seleccción:

Para a realización da proba escrita para ambas ofertas de emprego:

Data: 23 de xuño de 2016
Hora: 10.30 h
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para realizar a baremación dos méritos:

Data: 23 de xuño de 2016
Hora: 11.30 h
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

2 Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: RICARDO ROMERO PÉREZ; SUPLENTE:ANSELMO CAEIRO VILAR
SECRETARIA: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ; SUPLENTE:ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ
VOGAL 1: LUIS GARCÍA COUTO SUPLENTE:PILAR PAZOS SANTASMARINAS
VOGAL 2: ADELA LAMEGA ARTEAGA SUPLENTE:LOURDES GARCÍA ABEIJÓN
VOGAL 3:JUAN M.CORRAL SÁNCHEZ SUPLENTE: ROSARIO CANABAL VÁZQUEZ

3Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/da candidato/a. Os /as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón,20 de xuño de 2016

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

O alcalde de Boqueixón

47

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio**

O día 21 de xuño con rexistro de entrada núm. 16/1250 don Arturo Penide Aller, en representación da Pirotecnia Penide, S.L, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Codeso os días 25 e 26 de xuño de 2016

**Resolvo**

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 21 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Adxudicación do contrato do servizo de monitores para realización de actividades de verán**

Por resolución da alcaldía ditada o día 9 de xuño, iniciouse a contratación, mediante a modalidade de contrato menor, tendo en conta o disposto nas bases de execución do presuposto; do servizo de monitores para a realización de actividades de verán nos seguintes programas: Campus deportivo, Concilia Xuño e Verán Activo.

Solicítanse presupostos ás seguintes empresas:

CPM Eventos
Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
Rocío Couto Rendo
Tamén se publica no perfil do contratista.

No prazo establecido para o efecto, presenta proposta a empresa Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL. ( rexistro 16/1207 de data 15/06/2016)

Debido a que as actividades deben comezar o día 23 de xuño, urxe a contratación do servizo, polo que á vista da documentación presentada, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato do servizo de monitores para a realización de actividades de verán á empresa Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL , de acordo coas seguintes propostas presentadas:

Campus deportivo
Días 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño
Horario: de 10 a 20 h
Custo monitor: 572,00 € ( máis IVE)

Concilia Xuño
Dias 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño

Horario: de 10 a 15 h
Custo monitor: 294,00 € (máis IVE)

Verán Activo
2 quincenas de agosto ( de luns a venres)
2 quincenas de xullo ( de luns a venres)
Horario: de 10 a 14 h
Custo monitor por quincena: 521,00 € (máis IVE)

Patinaxe
Mes de xullo ( martes e xoves)
De 10 a 11 h
Custo monitor ( 8 horas totais): 144,00 € ( máis IVE)

2. Comunicar á empresa e ó Departamento de Cultura esta adxudicación, non obstante as actividades deberán dar comezo nas datas establecidas para o efecto ( 23 de xuño) .

Boqueixón, 21 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Adquisición dunha desbrozadora de brazo para o proxecto denominado Conservación medioambiental 2016**

Con data 31 de maio de 2016, ten entrada no concello a resolución da Dirección Xeral de Administración Local onde conceden unha axuda de 30.920,00 euros para o proxecto denominado Conservación medio ambiental 2016. Do importe total, 19.000,00 euros destinaranse a gastos de funcionamento e 19.650,00 euros para gastos de investimento.

Dentro do proxecto, inclúese a adquisición dunha desbrozadora de brazo para contar cun equipo moderno para segar, triturar herba, ou arbustos e manter en perfecto estado as beiras das estradas, coa finalidade de manter limpas as zonas e evitar o deterioro e degradación das mesmas.

Polo tanto, para a adquisición da desbrozadora de brazo, contamos cunha subvención de 15.720,00 euros e teremos que xustificar un gasto de 19.650,00 euros, co que a achega municipal será de 3.930,00 euros.

Na partida 414.600.01 hai consignación suficiente para poder facer a correspondente achega municipal.

Urxe a adquisición desta maquinaria ó atoparnos na tempada de máximo traballo para manter limpas as zonas con risco de incendio e rozar as cunetas. A maquinaria que posúe o concello, debido ó uso que ten, está continuamente no taller con reparacións e sae custoso o seu mantemento.

As características que debería cumprir a nova desbrozadora de brazo serían as seguintes:

Serie Profesional
Cabezal profesional entre 1,20 a 1,25 m. con cuchilas sobre grilletes e que tamén poidan levar martelos

Rotor adicional
Alcance total entre 4.50 m. e 5 m.
Refrixerado por aceite
Mandos por sirgas
Barra de luces integrado na máquina
Toma de forza
Enganches adaptados ó tractor
Bomba directa ó rotor

O importe máximo de licitación fíxase en 19.650,00 euros, dos que 3.410,00 corresponde ó IVE.
Tendo en conta as bases de execución do presuposto, o expediente para a adquisición de material inventariable que supere o importe de 3.000 euros e non supere os 18.000 euros, será tramitado a través do servizo de contratación, debendo acreditarse a consulta a 3 empresas e conterá unha proposta de adquisición razoada.

Debido á urxencia no subministro da maquinaria, Resolvo:

A Adquirir unha desbrozadora de brazo coas seguintes características:

Serie Profesional
Cabezal profesional entre 1,20 a 1,25 m. con cuchilas sobre grilletes e que tamén poidan levar martelos
Rotor adicional
Alcance total entre 4.50 m. e 5 m.
Refrixerado por aceite
Mandos por sirgas
Barra de luces integrado na máquina
Toma de forza
Enganches adaptados ó tractor
Bomba directa ó rotor

B Solicitarlle presuposto ás seguintes empresas:

Talleres Sánchez Rey, SC
Lugar O Forte, núm. 27
15881 Boqueixón

Hitraf, SA – Valtra
Avda. Benigno Sánchez Méndez, Km. 1
36590 Vila de Cruces

Hnos. Villar,SL
Lamela – Silleda
36579 Pontevedra

Boqueixón, 21 de xuño de 2016

alcalde

Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
**www.boqueixon.es**



# RESOLUCIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Regulamento de Funcionamento da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón polo que se desenvolve a relación provisional de admitidos e renovacións, e reunidos os membros (presidente, secretaria e vogais) da mesa de Baremación ás 10:00 horas do día 17 de xuño 2016, no salón de plenos do concello, para proceder coa baremación das solicitudes presentadas ás prazas da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.
Unha vez baremadas as solicitudes asinase a acta de admitidos con data 22 de xuño quedando tal como a continuación se detalla.

## Admitidos novo ingreso:

| Nome | Puntos | Nome | Puntos |
|---|---|---|---|
| Fuentes Otero, Laura | 24 | Iglesias Souza, Marinna | 17 |
| Iglesias Balado, Noa | 24 | Lortes Campos, Mateo | 17 |
| García García, Mateo | 23 | Vaamonde Pérez, Thiago | 17 |
| Peiteado Cigüenza, Sara | 22 | Vázquez Fontela, Iván | 17 |
| Castro Carrillo, Markel | 21 | Boo García, Alba | 16 |
| Dosantos Casal, Diego | 21 | Manteiga Calvelo, Sara | 16 |
| Liñares Rosende, Darío | 21 | Carril Miranda, Thiago | 15 |
| Macias Mareque, Oscar David | 21 | Pérez Fandiño, Sergio | 14 |
| Uzal Millán, Ezequiel | 21 | Salvado Castro, Oscar | 13 |
| Mujico García, Pablo | 18 | Cereijo Iglesias, Vera | 12 |
| Rodríguez Torres, Xoel | 18 | | |

## Renovacións

| Nome | Puntos | Nome | Puntos |
|---|---|---|---|
| Camba Mella, Gael | 22 | Molina Valle, Xabier | 19 |
| Vázquez Gómez, Valentina | 22 | Ponte Regos, Valeria | 19 |
| Fernández Louzao, Lara | 21 | Lortes Cutrín, Rosalía | 18 |
| Fernández Rodríguez, Nicolás | 21 | Otero Mata, Alba | 18 |
| Leal Porral, Gabriela | 21 | Seoane Rodríguez, Yaiza | 18 |
| Rendo Rosende, Raúl | 21 | Iglesias Aimée, José Manuel | 17 |
| Sinde Conde, Vega | 21 | Fachal Fuentes, Pedro | 16 |
| Torres Munín, Iker | 21 | Saavedra Canabal, Alexandre | 16 |
| Iglesias Pardo Iraila | 20 | Senra Mahía, Martín | 16 |
| López Grijo, César | 19 | Martínez Rodríguez, Gabriel | 15 |
| Molina Valle, André | 19 | | |

Polo exposto, **resolvo:**

1. Aprobar a listaxe provisional baremada de solicitudes de alumnos admitidos para o curso 2016/2017 na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

2. Publicar esta lista provisional de admitidos no taboleiro de anuncios da casa do concello, na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, e na páxina Web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados.

3. Os solicitantes poderán efectualas reclamacións, que estimen oportunas no prazo de 10 días contados dende a data de publicación da relación provisional, (data da publicación da lista 23 de xuño de 2016).

Boqueixón, a 22 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio**

O día 22 de xuño con rexistro de entrada núm. 16/1289 don Manuel Antonio ), en representación da entidade organizadora Pirotécnia Sionlla, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Loureda os días 31 de xuño e 1, 2 e 3 de xullo.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 22 de xuño 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA)

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# Resolución permisos de fogueiras para o San Xoan 2016

Con ocasión da festa do S. Xoán, os veciños deste concello desexan realizar as típicas fogueiras, coa correspondente sardiñada, para o que solicitan a este concello permiso para facer lume.
A continuación faise unha relación das persoas e asociacións que fixeron a súa solicitude cos días e lugares nos que se van a facer fogueiras:

| Data | Solicitante | Lugar |
|---|---|---|
| 22/06/2016 | José Manuel Fernández Fernández | Gándara, 25 - Sergude |
| 23/06/2016 | Inés Mera Nieves | Deseiro de arriba, 38 - Sergude |
| 23/06/2016 | Casiano Veleiro Diéguez | Rodiño Pequeno, 8 - Sergude |
| 23e24/06/2016 | Luís Fandiño Casal | Senande, 13 - Lamas |
| 23/06/2016 | Juan Manuel Freiría Brey | Picota, 11 - Lestedo |
| 23/06/2016 | José Javier Couto Fidalgo | Costiña – Lamas (Chousa do Muiño) |
| 23/06/2016 | José Oliveira Castro | Vilar – Lestedo (O Rincón de Pepe) |
| 23/06/2016 | José Oliveira Novo | Forte, Nº 2 - Boqueixón |
| 23/06/2016 | José Manuel Maceira Giadanes | Ardesende, 15 - Codeso |
| 23/06/2016 | Salvador Carbajales Carbajales | Vilar, 8 - Lestedo |
| 23/06/2016 | Ana Arteaga Vilas | León, 1 - Oural |
| 23/06/2016 | María Cristina Silva Neira | Castro, 2 - Oural |
| 23/06/2016 | Comisión de Festas de Gastrar (Vilaboa) | Local Social de Gastrar |
| 23/06/2016 | AA. VV. Mapoula | Sta. Eulalia de Vigo |
| 23/06/2016 | Mº del Carmen Balado de Luís | Deseiro de Abaixo, 13 - Sergude |
| 23/06/2016 | Beatriz Mella Pazos | Carabán, 7 - Vigo |
| 23/06/2016 | María José Vázquez Rozas | Moa, 4 - Loureda |
| 23/06/2016 | Ramón Rodríguez Quiroga | Travesía da Cooperativa, 17 - Lestedo |
| 23/06/2016 | Rocío Uzal Lareo | Ardesende, 16 – Codeso |
| 23/06/2016 | Víctor Manuel Rey Rey | Igrexa, 21 - Sergude |
| 23/06/2016 | Carmen Pardo do Pazo | Picota, 4 – Lestedo |
| 23/06/2016 | Ana Isabel Alonso Taboada | Loureda |
| 23/06/2016 | Fernández Rego,SLU (Rest.Vente Vindo) | Gándara, 5 – Sergude |
| 23/06/2016 | Ramona Neira Rodríguez | Ponte, 13 – Ledesma |
| 23/06/2016 | Residencia Santa Olalla | Codeso (Área Pública) |
| 23/06/2016 | Xosé Manuel Raviña Rubio | Pumares, 22 – Sergude |

| | | |
|---|---|---|
| 23/06/2016 | Juan Carlos Romay Rendo | Engas – Codeso |
| 23/06/2016 | Manuel Cortizo Fachal | Pazos, 3 - Lestedo |
| 23/06/2016 | María Carmen Couto Sánchez | Lamas, 17 - Sergude |
| 23/06/2016 | Alejandro Millán Mata | Trav. De Pazos, 9 – Lestedo |
| 23/06/2016 | Manuel Illobre Tallón | Noenlle, 5 - Sergude |
| 24/06/2016 | María Isabel García Couto | Orto, 2 - Boqueixón |
| 24/06/2016 | Comisión de Festas da Granxa | Campo da festa – A Granxa |
| 24/06/2016 | Manuel López Fernández | Villalapaz, 4 - Oural |
| 24/06/2016 | Felipe Núñez Méndez | Zaramacedo, 6 - Lamas |

**Resolvo**

1. Autorizar previamente a realización destas fogueiras os días sinalados, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007)
2. Que por parte dos solicitantes se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
3. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
4. Esta autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra neglixencia ou imprudencia.

Boqueixón, 22 de xuño de 2016
O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# Resolución permisos de fogueiras para o S. Xoan

Con ocasión da festa do S. Xoán, os veciños deste concello desexan realizar as típicas fogueiras, coa correspondente sardiñada, para o que solicitan a este concello permiso para facer lume.
A continuación reflíctense os datos da asociación que vai facer o fogueira:

| Data | Solicitante | Lugar |
|---|---|---|
| 23/06/2016 | Consuelo Campuzano Álvarez | Quián, 10 - Sergude |
| 23/06/2016 | María Teresa Gómez Sánchez | Campo da Festa de Oural |
| 25/06/2016 | Asoc. De festexos San Bieito - Sergude | Campo da Festa, de Sergude |

Resolvo

1. Autorizar previamente a realización destas fogueiras os días sinalados, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007)
2. Que por parte dos solicitantes se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
3. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
4. Esta autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra neglixencia ou imprudencia.

Boqueixón, 23 de xuño de 2016
O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Concesión dunha axuda económica á Escola de Fútbol de Boqueixón

O día 11 de xuño, don Manuel , como presidente da E.F Boqueixón, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de organización dos torneos e do autobús á Illa de Arousa ( achega copias dos gastos efectuadas)

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Polo tanto, Resolvo:

1 Conceder á Escola de Fútbol de Boqueixón unha axuda económica de 1.300 euros para sufragar os gastos descritos na súa solicitude.

2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.

3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 23 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (Coruña) ALCALDÍA

[illegible] Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

**Resolución de alcaldía**

Tendo recibido da Consellería de Economía, Emprego e Industira, a comunicación do acordo favorable da Comisión Central de Valoración para o Obradoiro de Emprego "– Vedra-Boqueixón" (procedemento TR353A, núm. expediente 15/0014/2016), para un número total de 20 alumnos, 6 meses de duración. E tendo en conta que o número de alumnos propostos na solicitude do obradoiro de emprego estaba previsto para 30 alumnos, requírese axustar á citada petición a un proxecto dirixido a 20 alumnos traballadores.

Dita solicitude de Obradoiro de Emprego "Vedra-Boqueixón", foi aprobado por Decreto de Alcaldía con data do 23 de febreiro de 2016, tendo lugar unha posterior modificación por resolución de alcal´dia de data do 4 de baril de 2016, cun orzamento por importe de 373.592,18 euros dos que Boqueixón aporta 29.353,06 € euros e o Concello de Vedra 75.537,82€ e a Consellería de Traballo e Benestar 268.701,30 €.

Unha vez realizada as modificacións para adaptar o proxecto a 20 alumnos traballadores, tal e como require a citada Consellería, resulta un importe destinado á contratación dos alumnos/as traballadores/as por un total de 97.150,20 euros, e a cantidade da subvención prevista no módulo A queda por un importe total de 64.320 euros e a cantidade destinada ó módulo B queda por un importe total de 17.664 euros. Polo que a cantidade solicitada á Consellería de Traballo e Benestar queda modificada, sendo o importe a solicitar de 179.134,20 €. O coste final do proxecto queda modificado por importe de 284.025,08 € (importe resultante de sumar a cantidade subvencionada polo Consellería e as aportacións económicas dos concellos de Boqueixón e Vedra).

Ditas modificacións non afectan á cantidade financiada polo Concello de Boqueixón e non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Por todo isto, e debendo achegar estas modificacións á maior brevidade posible á Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Resolvo:

1 Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
2 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 179.134,20 €, e aprobar o importe total do proxecto que ascende a 284.025,08 €.
3 Nomear para formar parte do grupo de traballo mixto encargado da selección dos alumnos-traballadores e do persoal directivo e docente (art. 10 da Orde do 29 de decembro) a Ana Beatriz Díaz Míguez, Bibliotecaria e Arquiveira do Concello de Boqueixón, e como suplente a Adela Lamela Arteaga, Administrativa da Administración Xeral.
4 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

E para que conste asina o presente certificado en Boqueixón, 28 de xuño de 2016
Don Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Anulación da concesión dunha axuda económica á Escola de Fútbol de Boqueixón**

Con data 23 de xuño, esta alcaldía ditou unha resolución onde concedía unha axuda de 1.300 euros á Escola de Fútbol Boqueixón para sufragar os gastos de organización de torneos e do autobús á Illa de Arousa.

Segundo o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais ( ROF), para que o concello poida subvencionar economicamente ás asociacións, estas débense atopar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Ó comprobarse que a asociación non cumpría este requisito e, anteriormente a ser enviada por correo a correspondente notificación da axuda que se concedeu, a alcaldía Resolve:

Deixar sen efecto a resolución ditada o día 23 de xuño onde se concedía unha axuda económica á Escola de Fútbol Boqueixón por importe de 1.300 euros.

Comunicar á dita escola, que para poder recoñecerlle o dereito á percepción dunha axuda económica debe estar inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais.

Boqueixón, 28 de xuño de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

RESOLUCIÓN

Por Decreto de alcaldía de data 15 de xuño de 2016, resolviuse contratar 2 socorristas para a prestación do servizo na piscina municipal de O Forte dende o 26 de xuño ata o 31 de agosto de 2016 segundo subvención da Deputación da Coruña por importe de 4.000,00 euros e dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2016 segundo subvención da Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 2.666,66 euros.

RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación do traballador don Ronald Rodríguez Somoza, para a prestación de servizos de socorrista na piscina municipal de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 29/06/2016
- Categoría profesional : Socorrista / Oficial 1ª
- Coste salarial bruto mensual: 1.457,60 €
- Seguridade Social mensual Concello : 481,51 €
- Grupo de cotización : 8
- Modalidade de contrato : 401 Obra o servizo determinado a Tempo Completo
- Duración do contrato : Dende o 29 de xuño ata o 31 de agosto de 2016.
- Subvención Deputación: 4.000,00 euros
- Aportación municipal: 0 euros

2.- Que se proceda á contratación do traballador don David Fernández Fraga, para a prestación de servizos de socorrista na piscina municipal de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 01/07/2016
- Categoría profesional : Socorrista / Oficial 2ª
- Coste salarial bruto mensual: 1.457,60 €
- Seguridade Social mensual Concello : 481,51 €
- Grupo de cotización : 8
- Modalidade de contrato : 401 Obra o servizo determinado a Tempo Completo
- Duración do contrato : Dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2016.
- Subvención Xunta: 2.666,00 euros
- Aportación municipal: 1.211,56 euros

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 28 de xuño de 2016

O Alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No presuposto xeral municipal do concello, no grupo do programa 153.2 da área de gasto 1 está consignado o importe de 56.987,85 € para salarios de catro operarios máis o imposte de 22.185,48 € para seguridade social.

Neste momento, o concello ten contratado cinco operarios con cargo ao plan de acción social financiado pola deputación provincial para a execución de obras de melloras nas instalacións educativas.

Por outro lado, é precisamente na tempada de verán cando o persoal laboral fixo da cuadrilla de obras, que neste momento está composta por dous oficiais, gozan alternativamente das vacacións e mesmo colaboran co servizo de recollida de lixo.

Así mesmo, é nesta época cando máis urxe o arranxo e mesmo a limpeza das vías municipais. Por todo isto, e tal como se ven efectuando tódolos anos, é necesario proceder coa contratación por un período máximo de 5 meses, con data límite de finalización de contrato o 31 de decembro de 2016, de catro oficiais de segunda.

O art. 20.2 da Lei de Presupostos xerais do estado para 2016 establece "durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ó nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán ós sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais." No apartado 4 do mesmo artigo, establece que a contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no apartado 2 deste artigo requirirá a previa autorización do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

As obras de mantemento das vías municipais son prioritarias e obrigatorias e téñense que executar, especialmente, durante o período de verán a fin de arranxar as deficiencias producidas como consecuencia das constantes choivas habidas durante o inverno.

Por todo o cal, **resolvo:**

1. Iniciar os trámites para a contratación de catro traballadores como oficiais de segunda.
2. Aprobar as seguintes bases:

**BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 4 ALBANEIS OFICIAIS DE 2:**

<u>PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.</u>

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar catro albanéis oficiais de 2ª, durante un máximo de 5 meses, con data límite de finalización de contrato do 31 de decembro de 2016.
2.- As función a realizar serán as seguintes:
- Mantemento de camiños, beirarrúas e viais púbicos
- Mantemento de xardíns, parques e espazos públicos
- Obras de albanelería de reparación e mantemento: pavimentos, enfoscados, pintados, etc.
- Colocación de sinais e mantemento das existentes
- Mantemento de sendeiros
- Apoio a equipos municipais que actúan no exterior: servizos de auga, servizos de limpeza de rúas, servizos múltiples

3.- A retribución do salario mensual bruto incluida a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.187,25 euros/mes.
